

**DÍA INTERNACIONAL** 11.500 galegos pertencen á etnia xitana, distribuídos en 150 núcleos de poboación de 50 concellos ■ Os asentamentos chabolistas superan un 22% a media estatal

# A GALIZA ROMANÍ

**CASE DOUS DE CADA DEZ TRABALLAN EN EMPRESAS DA COMUNIDADE, FRONTE AO 8% DE HAI 10 ANOS**

Redacción • Santiago

Son os grandes descoñecidos da nosa sociedade. A súa cultura non se estuda nas escolas. A súa lingua ignórase nas universidades, nas lexislacións. Padecen máis racismo e xenofobia que os inmigrantes. Durante décadas viviron dos restos do negocio da droga. Incomprendidos, marxinados, marxinais, habitantes do Estado español crese que desde o século XV, o pobo romaní, o calé (do Estado) e o de todo o mundo celebra hoxe o seu día internacional coa reivindicación da súa visibilidade.

En Galiza viven aproximadamente 11.500 cidadáns xitanos. Esta poboación distribúese en 150 núcleos de poboación nun total de 50 Concellos. As sete grandes cidades albergan o 70% do total da poboación xitana, se ben os asentamentos en chabolas superan a media estatal en 22 puntos. Non obstante, desde 1983 até hoxe o chabolismo en Galiza reduciuse nun 70 por cento, o que levou melloras e maior adaptación dos xitanos en cuestións relacionadas con educación e vivenda.

Con todo, aínda presenta unha poboación xitana cos peores índices de benestar social do Estado, debido en gran parte a que a situación de partida era "moi mala", en palabras do director territorial da Fundación Secretariado Xitano de Galicia, Santiago González. Como contrapartida está o dato de que os xitanos galegos experimentaron o "maior cambio para ben" de calquera outro colectivo xitano de Europa. Se hai 25 anos empezaron as melloras en vivenda, foi hai 10 cando se produciron avances na contratación de xitanos como traballadores por conta allea, ao pasar dun 8 por cento de integrantes desta etnia contratados por empresas ao 20 por cento que existe na actualidade.

A pesar diso, unha boa parte da poboación xitana continúa constituíndo un dos grupos máis vulnerábeis e con maior risco de exclusión social e económica de Galiza, ademais de ser vítimas frecuentes de prácticas discriminatorias que impiden o seu acceso a bens e servizos en igualdade de condicións que o resto dos cidadáns galegos.

O recoñecemento da situación de desvantaxe da comunidade xi-



Dois nenos xitanos xogan nun poboado chabolista sevillano

## A CERNA

### Que a crise non demore os planos

A Fundación Secretariado Xitano manifestou onte o seu temor porque a remodelación do Goberno e a actual situación de crise económica podan "atrasar" a inclusión social deste colectivo. Por iso, esta entidade solicitoulle ao Goberno e ás administracións autonómicas que "redobren os seus esforzos" para evitalo. Así, expresou o seu "desconcerto" ante o cambio das competencias en Política Social do Ministerio de Educación e Sanidade.

## O DATO

### Máis parellas mixtas entre os cidadáns da comunidade

A integración e cambios de costumes tamén chegaron ao matrimonio e a día de hoxe é "bastante habitual" que se produzan parellas mixtas, aínda que este aspecto depende da procedencia das familias. Desta forma, os xitanos casteláns asentados en Galicia teñen maior calidade de vida pero son máis costumistas e os matrimonios mixtos apenas superan o 5 por cento; en cambio, entre os xitanos galegos esa porcentaxe duplicase. Os avan-

ces en estudos van lentos, pero na comunidade galega xa existen dúas irmás diplomadas e outras dúas xitanas están cursando estudos universitarios. Curiosamente, o nivel de estudos resulta un aspecto importante á hora de integrarse na sociedade e constatouse que as mulleres con niveis de estudo de certa relevancia tenden a establecer parellas mixtas, unha realidade que está máis arraigada en España que en Galicia, concluíu González.

tana en Galiza respecto dos niveis de vida, de benestar e de participación social, e da discriminación existente tivo o seu punto culminante no Informe Extraordinario do Valedor do Pobo titulado "Situación da poboación xitana en Galiza", presentado en outono de 2005. Tras este importante fito, a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral do Benestar, da Vicepresidencia para a Igualdade e o Benestar, elaborou un "Plan Integral para o Desenvolvemento e a Convivencia da Poboación Xitana de Galiza". Así, durante o ano 2007 produciuse a incorporación efectiva do conxunto dos elementos do Plan Integral, coa incorporación do convocatorio do Plan de Desenvolvemento Xitano no marco do Plan Concertado, así como a achega ordinaria de fondos adicionais da Vicepresidencia ao Plan Xitano, co obxecto de convertelo nun auténtico Plan Integral.

Unha das liñas máis importantes de traballo centrouse arredor da vivenda. En efecto, segundo Santiago González, existe un importante diferencial da comunidade xitana en Galiza no patrón de acceso á vivenda, non só en relación co conxunto da poboación galega, senón tamén respecto da poboación xitana española. Para abordar esta cuestión, realizáronse accións de coñecemento científico, outras de análise da situación e propostas de actuación e, finalmente, actuacións de carácter urxente nos ámbitos que o requiriron. ●

## A EXPOSICIÓN

### Chegan a Lugo a finais da década dos 50

O vicerreitor da Universidade de Santiago de Compostela no campus de Lugo, Carlos Herrero, apostou onte por afondar na "normalización das relacións entre os pobos xitano e paí".

O vicerreitor inaugurou hoxe, con motivo do Día Internacional do Pobo Xitano, unha exposición fotográfica que recrea a historia do pobo xitano en Lugo, que permanecerá exposta ata o 24 de abril na Biblioteca Intercenros do campus de Lugo. Nela, asegurou estar "encantado" de "facer unha historia do percorrido por Lugo", ao tempo que

invocou a necesidade de afondar "na normalización" dos lazos entre ambos os dous pobos.

"Hai que facer fluídas as relacións entre os dous pobos", avogou Ferreiro, que estivo acompañado entre outros polo subdelegado do Goberno, José Vázquez Portomeña, e o voceiro da fundación, Manuel Vila. En novembro de 1973 creouse o poboado de O Carqueixo na cidade das Murallas, que ata hai 12 anos, albergaba máis de 200 familias desta etnia. Xa nos anos 80, asentouse neste poboado a primeira gardaría e a exposición remata

na actualidade, en que dúas mulleres xitanas estudaron unha carreira universitaria.

Durante o acto, Manuel Vila precisou que os xitanos se asentaron na cidade de Lugo a finais da década dos cincuenta do século pasado e explicou que, naquela época, se produciu o éxodo "ás grandes cidades".

Esta exposición é froito da colaboración entre o campus universitario de Lugo, a través da oficina do voluntariado, coa fundación do Secretariado do Pobo Xitano e a asociación de integración do Pobo Xitano.